

- Non queres casar?. Xa sabes que eres afortunada, calquera home quereda casar cunha filla desta casa.

- Seino, avó, pero eu preferiría ir á universidade. O avó acaricioulle a cabeza.

- Gracias, Ruby, por falar comigo. Segue coas túas clases e aprovéitaas todo o que poidas.

E eso fixo Ruby. Os seus curmáns creceron. Uns foron á universidade outros quedaron na casa e formaron as súas propias familias.

Pero as nenas, ao seren maiores, casaron e foron vivir aos fogares dos seus maridos. Ruby sabía que pronto sería o seu turno. Baixo a fina capa de xeo do estanque, Ruby podía ver unha carpa alaranxada intentando a duras penas respirar.

O Día de Ano Novo, Ruby puxo as súas zapatillas de veludo vermello e recolleu o pelo cuns lazos vermellos.


Cada un deles entregáballes un sobre vermello cheo de diñeiro da sorte. Por último saudou con respecto ao seu ancián avó:

- Boa sorte e prosperidade, Avó.
- Boa sorte, miña pequena Ruby.

E entregoulle un gran sobre vermello.

Ruby sentiu os ollos de todos cravados nela mentres abría o sobre. Que había dentro? Non, non era diñeiro. Era algo moitísimo mellor!. Contiña a carta dunha universidade admitíndoa para estudar alí.

E así foi como Ruby conseguiu facer realidade o seu desexo. Cómo o sei? Ruby é a miña avoa... e segue levando algo vermello todos os días.




Quería felicitar o ano a todo o mundo: aos seus curmáns casados, logo aos seus pais, tíos, tías...



Adaptación da obra de Shirin yim Bridges. EDIC.: SERRES Ilustracións: Alumnado de 4ºA.

8 DE MARZO DE 2013



DIA DA MULLER

BIBLIOTECA CEIP DE Palmeira





Entrando polas rúas de certa cidade de China, deixando atrás o mercado de animais, chegaredes a unha mazá de apartamentos escurecidos polos anos e o lixo. Agora viven alí moitas familias. Pero se mirades atentamente, decatardesvos



que noutro tempo era unha soa casa, o grandioso fogar dunha familia.


A casa construíuna un ancián cando regresou da "Montaña de Ouro". Chamaban así a California, moitos foron alí pola Febre do Ouro e poucos volveron. Pero este home regresou



moi rico e casou con varias mulleres. As mulleres tiveron varios fillos e estos casaron tamén con varias mulleres. Polo que a casa encheuse cos gritos e as risas de máis de

cen nenos.

Entre tanta rapazada, había unha nena. Chamábanlle Ruby porque lle encantaba a cor vermella. Na China o vermello é unha cor festiva: en Ano novo os nenos reciben sobres vermellos cheos de cartos da sorte, as noivas visten de vermello o día da súa voda... Pero Ruby quería ir de vermello todos os días do ano. Se a súa nai lle poñía roupa escura, ela ataba o pelo con laciños vermellos.



Con tantos netos, o avó de Ruby contratou un mestre. Isto non era común na China de entón, a maioría das nenas non sabían nin ler nin escribir.

Con bo tempo as clases dábanse no xardín. Ao avó gustáballes ollalos dende os ventanais do despacho. Un día viu a parede branca do xardín cuberta con follas caligrafiadas. Algúns netos estaban perdidos de tinta e soltou unha gargallada.



Outro día viu que unha das follas era mellor que o resto. O mestre felicitaba a Ruby e as orellas tíñaa tan vermelhas como a súa chaquetiña.

Pero aínda que Ruby era igual ou mellor estudante que os seus curmáns, ela debía

traballar moito máis duro que eles. Cando os rapaces terminaban os deberes, podían ir xogar. Pero as nenas tiñan que aprender a cociñar e outras tarefas do fogar. Para as nais, esas eran as únicas tarefas que pagaba a pena aprender.

As nenas, desanimadas, deixaron de ir a clase. Todas, agás Ruby. Ela facía a labor de costura pola



noite. A miúdo a vela do seu cuarto seguía acendida moitas horas despois de que todo o mundo se deitase.

Un día, os nenos tiveron que escribir un poema. Ruby escribiu: "Ah, xa é mala sorte nacer nena; pero peor é nacer nestacasa onde só contan os nenos."

O mestre, moi impresionado, ensinoullo ao avó, este moi preocupado fixo chamar a Ruby.

Ruby atopou ao seu avó sentado na butaca, co seu poema na mesa.

- Escríbiches ti este poema?.
- Sí, avó.
- De verdade cres que só nos importan os nenos?.
- Oh, non, avó -sentía moito disgustalo-.



Coidádenos moi ben a todos, e estamos moi agradecidos por iso.

- Pequena Ruby -dixo o avó suavemente-. Gustaríame saber por que escribiches este poema. Qué privilexios reciben aquí os nenos?.

- Ben, na Festa da Lúa aos nenos sempre lles dan o anaco de pastel de lúa que ten a xema de ovo, e na Festa do Faroliño ás nenas dannaos un simple farol de papel, mentres que eles teñen farois vermellos preciosos con formas de peixe, galo ou dragón.

O avó de Ruby sorriu para si, era evidente canto lle gustaría a súa neta un faroliño vermello.

- Pero o máis importante... é que eles poden ir á universidade e nós temos que casar.

